

## PROGRAMA

Saúdo e Presentación

M.<sup>a</sup> Camino Noia

4 Mulleres no abrente  
da literatura galega

Grupo Dolmen

Recitado

Intervención das Homenaxeadas

# Homenaxe ás nosas poetas

---

- M.<sup>a</sup> do Carme Kruckemberg
- Luz Pozo Garza
- Dora Vázquez Iglesias
- Pura Vázquez Iglesias

*Mantedora: M.<sup>a</sup> Camino Noia*

*Recital: Grupo Dolmen*

LICEO DE OURENSE

Xoves, 22 de novembro de 2001 ás 20.15 horas

---

## *M.<sup>a</sup> do Carme Kruckemberg (Vigo 1926)*

De nai galega e pai de orixe alemán, pasa algúns anos fora de Galicia e volta a Vigo no 1995.

Colaborou na prensa e na radio, facendo unha antoloxía da poesía española. Comeza moi nova a escribir unha poesía intimista e de marcadas preocupacións existenciais. O seu primeiro libro, publicado pola editorial Alba en 1956, foi *Cantigas do vento*, escollido poema a poema por Rafael Alberti. En parte da súa obra destaca a influencia da poesía medieval, *7 cantigas para as 7 cantigas de Martín Codax* (1985) e *Cantigas para un tempo esquencido* (1986).

Desde o seu poemario *Canaval de Ouro* (1962) ata *Vivir, aventura irrepitible* (1998), *Poemas sen resposta* (1999) e *Jazz espido*, tamén en 1999, M.<sup>a</sup> do Carme ten publicada unha inxente cantidade de obras e foi, así mesmo, merecedora de premios e distincións como: Viguesa distinguida (1994), Premio Alecrín (1997), Medalla de bronce de Galicia (1998), Membro da Enxebre Orde da Vieira (2000), entre outros.

## *Luz Pozo Garza (Ribadeo 1922)*

Criouse en Viveiro a onde volve despois duns anos entre Lugo e Marrocos. Simultanea os estudos de bacharelato e maxisterio cos de música, para despois licenciarse en Filoloxía Románica. Exerce como catedrática de Lingua e Literatura Españolas en Badaxoz, Corcubión e finalmente na Coruña desde o ano 1964.

Con Tomás Barros codirixe *Nordés*, revista de poesía e crítica. Inaugura a colección *Xistral* co poemario *O paxaro na boca* (1952) no que predomina a poesía intimista, ó igual que en *Últimas palabras/Verbas derradeiras* (1975), unha reflexión sobre a vida e a morte, o desamor, a dor, a angustia.

*Concerto de Outono* (1981), *Códice Calixtino* (1986), *Prometo a flor de loto* (1992), *Vida Secreta de Rosalía* (1996) son, entre outras moitas publicacións, a obra dunha escritora que se foi decantando ó monolingüismo en galego. Desde 1996 é académica numeraria da Real Academia Galega.

## *Dora Vázquez Iglesias (Ourense 1913)*

Despois da publicación da novela *Bergantiñá* (1955), en 1969 deuse a coñecer con *Un poema cada mes*, e o poemario *Irmá* (1979) con motivo da estada en Venezuela da súa irmá Pura.

Escritora de teatro e poesía, colabora en varias revistas, e gran parte do seu traballo vai dirixido ós nenos e ós mozos, como un instrumento didáctico e moralizante, e é neste eido da literatura infantil e xuvenil onde se sente máis cómoda.

*Tres cadros de teatro galego* (1973), *Monicreques* (1974), *Campo e mar aberto* (1975), *Contos para nenos* (1979), *Ronseles* (1980), *A xeito de antoloxía* (1992), *O agro o mundo aberto* (2001), e proximamente *Noelia: Novela histórico poética*. En colaboración coa súa irmá Pura, *Oriolos neneiros* (1975), *Viaxe ao país dos contos e da poesía* (1985).

## *Pura Vázquez Iglesias (Ourense 1918)*

Pertence, segundo Carmen Blanco, á primeira xeración de escritores da posguerra, con Dora Vázquez, Luz Pozo e M.<sup>a</sup> do Carme Kruckemberg. Á idade de 15 anos publícanlle en La Zarpa o seu primeiro poema, e desde entón colaborou en varias revistas con obras de creación e crítica.

É autora de *Íntimas* (1952), *Maturidade* (1955), *A saudade e outros poemas* (1963), *O desacougo* (1971), *Versos da edra no vento* (1992), *A carón de min* (1994), *Terra Matria dos sonhos* (1999), *Náufragos da elexía* (2001), entre outras, e proximamente *A música dos tempos*.

A súa obra está marcada polo lirismo e un intimismo moi feminino, ademais dunha preocupación social, centrada principalmente no rural. Foi merecedora, entre outras distincións e homenaxes, da Medalla da Real Academia Galega, Medalla Castelao, Medalla de Honra do Liceo Ourenzano e Premio das Artes e Letras da Xunta de Galicia do ano 2000.